

CV25037

## **Memoria xustificativa e económica do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Outes para a "Renovación de bombeos de auga residual" e para a "Mellora do sistema de filtrado da ETAP de Roo", no Concello de Outes (A Coruña)**

### **1. Antecedentes**

O Concello de Outes ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable e saneamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o abastecemento domiciliario de auga potable e a evacuación e tratamento de augas residuais como servizos de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

No ámbito autonómico galego, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia nos seus artigos 80.2 l) e 81 a) e a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia nos seus artigos 5.1 a) e c) e 27.1, atribúen aos concellos competencias en materia de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario e en materia de rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais configurándoos como servizos de prestación obrigatoria por todos os concellos.

Ademais, o artigo 27.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

Pola súa banda, Augas de Galicia é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

De acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, entre as competencias de Augas de Galicia en materia de abastecemento atópanse, con carácter xeral, e, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias de



Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1.f)).

Por outra banda, entre as competencias en materia de saneamento, atópanse, con carácter xeral, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

## **2. Obxectivos que se pretenden**

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Outes que permitan á entidade local acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para levar a cabo, por unha banda, a actuación en materia de saneamento "Renovación de bombeos de auga residual" e, por outra banda, a actuación en materia de abastecemento "Mellora do sistema de filtrado da ETAP de Roo", no Concello de Outes (A Coruña).

## **3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia**

O sistema de saneamento do Concello de Outes está constituído por sete bombeos principais que se encontran distribuídos ao longo da rede de saneamento. Logo da limpeza dos diferentes puntos críticos da rede que se encontraban atascados, revisáronse os bombeos e considerouse necesario realizar actuacións sobre todos eles.

Neste sentido, preténdense levar a cabo actuacións sobre o acondicionamento dos bombeos de auga residual dos lugares de Bendimón, Central e Requeixiño, todos eles pertencentes ao concello de Outes.

O Bombeo de Bendimón, situado no lugar de Bendimón, debería ter instaladas tres bombas de 18,5 KW cada unha DN 100. Na actualidade, require a instalación de dúas bombas e dun sistema de comunicación que poida dar información en remoto do estado de funcionamento do mesmo.

O Bombeo de Central, situado entre os lugares de Brión de Abaixo e Viro, debería ter instaladas tres bombas de 6 KW cada unha DN 100. Na actualidade, sería necesario instalar unha nova bomba. Ademais, o cadro eléctrico que ten instalado a día de hoxe solo contempla o arranque e paro directo das bombas, pero non dispón de ningún sistema de seguridade e protección da instalación en funcionamento. Debido ao seu deterioro, considérase recomendable a súa renovación e a inclusión dun sistema de comunicación que permita verificar en remoto o seu funcionamento.



O Bombeo de Requeixiño, situado na estrada de acceso ao lugar de Tavilo, debería ter instaladas tres bombas de 11 KW cada unha DN 80. Na actualidade, considérase necesaria a instalación de unha nova bomba. Ademais, ao igual que ocorre no Bombeo de Central, o cadro eléctrico que ten instalado a día de hoxe solo contempla o arranque e paro directo das bombas, pero non dispón de ningún sistema de seguridade e protección da instalación en funcionamento. Debido ao seu deterioro, considérase recomendable a súa renovación e a inclusión dun sistema de comunicación que permita verificar en remoto o seu funcionamento.

Por outra banda, o sistema de abastecemento deste concello está constituído pola Estación de Tratamento de Auga Potable principal de Roo, en adiante ETAP, onde se distribúen 1.200 m<sup>3</sup> ao día e cuxa auga se capta no río Outón. A planta só dispón de sistema de filtración e o seu funcionamento é moi deficiente.

Neste sentido, a auga captada no río Outón entra directamente nos filtros da ETAP de Roo e isto provoca que en épocas de fortes choivas os filtros se saturen en poucos minutos e entran nun ciclo continuo de lavado. Este feito é debido a que a auga coa que está programado o lavado dos filtros é a da propia captación, que en moitos casos ven con unha turbidez superior a 35 NTU e en cor marrón debido á terra e materia orgánica que arrastra. Para poder solucionar este problema é necesario modificar o sistema de filtración e o seu automatizado coa fin de que poida realizar os lavados con auga limpa dos depósitos.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento ten a finalidade de garantir a subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

No ámbito do saneamento e depuración de augas residuais a actuación de ambas administracións ten a finalidade de contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a



regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Con carácter excepcional e de acordo co disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concorren razóns de interese público e social que xustifican a concesión directa da subvención que se instrumenta mediante este convenio de colaboración posto que o abastecemento domiciliario de auga potable e o tratamento de augas residuais son servizos básicos, esenciais e de interese xeral cuxa prestación é imprescindible para a poboación. Así, a actuación que se subvenciona garante unha adecuada prestación destes servizos e pretende evitar que se poidan xerar situacións que causen prexuízos graves ao medio ambiente e á poboación.

Ademais, neste momento Augas de Galicia non ten aberta ningunha liña de subvencións que teña por obxecto as actuacións descritas e que permitan ao concello de Outes concorrer con outros concellos para dar solución aos problemas dos que adoce a súa rede de abastecemento e saneamento e que non poden demorarse máis no tempo.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concurrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o artigo 194 da Lei da administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

#### **4. Estimación de custos e financiamento**

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascende a sesenta e seis mil catrocentos catorce euros con corenta e nove céntimos (66.414,49 €), incluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2025, partida orzamentaria 2025-06-82 542B 76000.



Segundo se establece nas memorias descritivas de novembro de 2025, a actuación en materia de saneamento “Renovación de bombeos de auga residual” ten un custo de 48.362,39 €, mentres que a actuación en materia de abastecemento “Mellora do sistema de filtrado da ETAP de Roo” ten un custo de 18.052,10 €.

## 5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: E2: Galicia verde e sostible

2. Prioridade actuación: PA.2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.

3. Obxectivos estratéxicos:

OE.2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.

OE.2.4.2 Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuindo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.

4. Obxectivo operativo: OO02-Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas e identificar e priorizar as actuacións necesarias en materia de abastecemento autónomo nos municipios galegos.

5. Indicadores:

- PO044/Grao de execución (%)
- PO0153/Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración
- PO0437/Actuacións de colaboración para mellora da xestión do ciclo integral da auga.



6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente: 100%

### 6. Territorialización do gasto:

Concello: Outes.

### 7. Contribución ós ODS.

DENOMINACION ODS	OBXECTIVO ESPECIFICO	Denominación obxectivo específico
ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos	6.3	De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertimientto e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe e a reutilización sen riscos a nivel mundial.
	6.4	De aquí a 2030, aumentar considerablemente o uso eficiente dos recursos hídricos en todos os sectores e asegurar a sustentabilidade da extracción e o abastecemento de auga doce para facer fronte á escaseza de auga e reducir considerablemente o número de persoas que sofren falta de auga.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
 O director de Augas de Galicia  
 Roi Fernández Añón

